

CTO. GALEGO DE NATACIÓN ALEVÍN DE VERÁN

XUNTA DE GALICIA

Tempada 2026/27. Circular 26-22.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en 2 xornadas cunha dobre sesión cada unha.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 10:00 horas e as da tarde ás 17:00 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes 120 minutos antes do comezo de cada sesión e 30 minutos despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Haberá quendas rotativas de quecemento durante as diferentes sesións se fora necesario.

2. Programa de probas

Xornada 1 – Sesión 1	Xornada 2 – Sesión 3
1. 800 m Libre Masculino 2. 400 m Libre Feminino 3. 200 m Costas Masculino 4. 200 m Costas Feminino 5. 100 m Braza Masculino 6. 100 m Braza Feminino 7. 50 m Bolboreta Masculino 8. 50 m Bolboreta Feminino	19. 400 m Libre Masculino 20. 800 m Libre Feminino 21. 200 m Braza Masculino 22. 200 m Braza Feminino 23. 50 m Libre Masculino 24. 50 m Libre Feminino 25. 100 m Costas Masculino 26. 100 m Costas Feminino 27. 4x100 m Libre Masculino 28. 4x100 m Libre Feminino
Xornada 1 – Sesión 2	Xornada 2 – Sesión 4
9. 100 m Libre Feminino 10. 100 m Libre Masculino 11. 200 m Bolboreta Feminino 12. 200 m Bolboreta Masculino 13. 200 m Estilos Feminino 14. 200 m Estilos Masculino 15. 50 m Costas Feminino 16. 50 m Costas Masculino 17. 4x200 m Libre Feminino 18. 4x200 m Libre Masculino	29. 400 m Estilos Feminino 30. 400 m Estilos Masculino 31. 100 m Bolboreta Feminino 32. 100 m Bolboreta Masculino 33. 200 m Libre Feminino 34. 200 m Libre Masculino 35. 50 m Braza Feminino 36. 50 m Braza Masculino 37. 4x100 m Estilos Feminino 38. 4x100 m Estilos Masculino

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:

- a) Masculino. Nacidos nos anos 2014 e 2015.
- b) Feminino. Nacidas nos anos 2014 e 2015.

2. A participación estará aberta a tódolos nadadores que entren dentro das seguintes posicións en función da proba:

- a) 800 m. Poderán nadar os 24 primeiros da clasificación de 600 metros.
- b) 400 m. Poderán nadar os 32 primeiros da clasificación de 300 metros estilos ou libre.
- c) 200 m. Poderán nadar os 48 primeiros da clasificación de 150 metros bolboreta, costas, braza e libre e estilos.
- d) 100 m. Poderán nadar 54 primeiros da clasificación de 75 metros bolboreta, costas, braza e libre
- e) 50 m. Poderán nadar os 60 primeiros da clasificación de 25 metros bolboreta, costas, braza e libre

Non valerán os parciais intermedios para acceso á clasificación. Só valerán tempos finais de probas NON OFICIAIS.

A clasificación será por categoría. Unha masculina e outro feminina.

3. Cada nadador poderá participar nun máximo de 4 probas individuais e todas as remudas.

4. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I.

5. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría, teñan ou non, marca de inscrición (participación libre a tódolos clubs).

6. O nadador que non se presente a unha proba para a que estea inscrito poderá participar noutras na mesma sesión cunha penalización económica.

7. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscricións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscrición e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.

2. Poderán inscribirse nas probas oficiais, aqueles que entren dentro do límite establecido no punto 3.2 da presente normativa, teñan ou non marca de inscrición.

3. A inscrición para o campionato deberá ser recibida pola FEGAN 12 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que se inscriba a súa recepción pola FEGAN. Publicarase unha inscrición provisional que poderá ser modificada mediante unha penalización económica. Non se admitirán inscricións nin modificacións unha vez que as listas definitivas sexan publicadas.

4. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).

5. Os nadadores con discapacidade inscribiranse na proba de 25 metros libre mixto segundo o anexo II deste regulamento, indicando nun correo electrónico as probas e a categoría.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.
2. Os criterios de puntuación serán os seguintes:
 - a) Nas probas individuais só puntuarán os 2 primeiros clasificados de cada club.
 - b) A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
 - c) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.
3. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:
 - a) Mellor Marca Galega: 3 puntos.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
 - b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
 - c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Alevín de Inverno.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados de cada proba por idade e sexo.
2. Medalla para os 3 primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Parolímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN.)
3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

8. Marcas Mínimas

1. Non haberá marcas mínimas para probas individuais.
2. Non haberá marcas mínimas para as probas de remudas.
3. Para a confección da clasificación teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de outubro de 2026 e o 16 de maio de 2027.
4. Para a inscrición teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de xaneiro de 2026 ata o 5 de xuño de 2027.

Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
-----	------	------	-----	------	-----	------	-----	------	------

S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13
--------	--------	--------	--------	--------	------------------	------------------	--------	--------	--------

Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, setembro 2026.